

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº59/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de novembro/ Estado de aniversario Prestige

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)

## IMPORTANTE UN ESTUDO EXHAUSTIVO DOS ALCUMES E TOPÓNIMOS DE ONS

Con motivo de que non se perda esta interesante parte da cultura popular desta comunidade.

Responder á pregunta: Por que lle puxeron este alcume ou ese topónimo? Páx 1

Por que lle chaman "As Xabreiras"



## 20 ANOS DO PRESTIGE

Está a Illa preparada por se xurde outro desastre ecolóxico como o do Prestige?

Hai medios? Teñen un protocolo preparado? Páx. 1

## ALVARITO

Posou a cana, amarrou o barco e xunto coa súa muller e os amigos Moital e Rosi, foron tamén ver ao Papa. Aínda que a armou ao chegar á Fontana di Trevi. Páx. 2



## AGUANTARÁ

Cantos temporais máis aguantará o cantil de Canexol onde está o xacemento romano? Páx. 2



## PROMESAS

Cumpríranse as promesas do Presidente da xunta con respecto a Ons? Páx. 4



- Quen escribiu o poema do tímpano da igrexa nova? Páx. 5  
- Transparencia cos cartos e proxectos que prometeron dende a Xunta. Páx.6

Por que non deixan arranxar as edificacións anexas? Páx. 3

## ONS ETNOGRÁFICA *Estudo exhaustivo dos alcumes e topónimos*

Levo 40 anos dicindo que a Cultura Popular de Ons vai esmorecendo e ninguén lle pon remedio. Escritos, cartas, notas de prensa, informes,..., artigos en revistas,... pero non hai maneira, imos vendo como murcha e como fenece con cada auniense que se nos vai. En nada non haberá quen nos fale de como era a Illa nos seus anos mozos, nin quen nos conte historias, contos, lendas,..., nin saberemos como era o trasno auniense, ou a santa compañía,..., ignoraremos como eran as festas, as matanzas, as vodas, o ciclo da vida, o entroido,..., nin se coñeceran os topónimos, nin os alcumes,..., nin o por que deses topónimos ou alcumes.

Hai uns días lía no Faro de Vigo un artigo de opinión sobre os alcumes de mar: <https://www.farodevigo.es/opinion/2022/10/27/alcumes-do-mar-77764101.html> , e de novo veume á memoria o pouco estudado que está ese tema en Ons. Que eu saiba só un artigo na revista AUNIOS onde se pide a súa investigación e que se estude a orixe de cada un, ao igual que se pediu cos topónimos.

Pescudar e facer unha enumeración de todos eles, claro que é importante, pero se non se fai paralelamente ou posteriormente un estudo máis exhaustivo na busca da causa de cada un, quedará inconcluso, incompleto.

Sigo dicindo que aínda estamos a tempo de pescudar en Ons este aspecto etnográfico tan interesante como son os Alcumes e coñecer o por que se lle puxo a cada auniense o seu. <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/21/005-Alcumes.pdf>

Na revista cultural AUNIOS despois dun bo traballo levado a cabo no colexio Rosalía de Castro de O Grove por mestres e alumnos e posteriormente ampliálo nun puntual traballo de campo entrevistando a un bo número de mecos, conseguimos unha boa cantidade de alcumes (alí coñecidos como Chatas) que expuxemos e enumeramos en dous artigos en anos sucesivos.

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/14/014\\_14\\_AsociacionPineirons.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/14/014_14_AsociacionPineirons.pdf)

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/15/015\\_15\\_AsociacionPineirons.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/15/015_15_AsociacionPineirons.pdf)

Pediamos tamén que estudiosos se preocuparan por indagar a formación de cada un. Esta petición tivo os seus froitos, pois aínda que supoño que xa estarían recompilando información anos antes, ao pouco tempo saíu unha publicación, froito dun esmerado traballo de campo, onde explicaban o motivo de poñerlle a esa e aquela persoa a Chata que tiña. <https://www.farodevigo.es/arousa/2011/09/30/as-bizocas-monte-da-vila-17722120.html> . Ese traballo e posterior libro foi obra, entre outros, de Antón Mascato e Patricia Arias, colaboradores da revista AUNIOS.

*Ogallá Ons teña algún experto que os traballe de xeito serio.*




*Aquí temos a Carlos Patiño, alcumado “Carrillo” e ao seu pai, Benito Patiño, coñecido como “Serrador”. Por que lle porían eses alcumes?*



*Outros alcumes se herdán, como “Sardiña”. Por que lle porían “Sardiña” ao pai?*

Dous exemplos de aunienses que nos poden contar o motivo dos seus alcumes e os da súa familia e veciñanza, só hai que pescudar.



## 20 ANOS DA CATÁSTROFE DO PRESTIGE EN ONS

No mes de novembro de 2020 sacaba un especial Onstopus:

*“18 anos da catástrofe do Prestige”*

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/20/onstopus-20.pdf>

Xa pasaron dous anos dese Onstopus, pero o seu contido segue tan louzán e vivo como cando ocorreu dito desastre.

Egrexio e aciñeche bautizo tiveron as tres das Illas do Parque Nacional máis anegadas polo Atlántico!!! Aínda que, a máis prexudicada, foi a Illa de Ons.

Non vou a entrar de novo no asunto, coído que quedou, con respecto a Ons, ben exposto e aclarado no especial de hai dous anos, pero: Como está a situación agora se tiveramos a desgraza de que volvera a ocorrer outro sinistro igual ou parecido?

Terán nestes intreos o Protocolo adecuado e en orde para actuar de inmediato? Unha das solucións que deron, despois de..., foi a de que sería mellor buscar un lugar na costa onde meter o buque e ter controlado máis de preto as posibles verteduras, xa teñen claro cal é ese lugar?

Ten Ons os medios adecuados para conter unha chegada, xa vou dicir mínima, de fuel, chapapote,..., ou outros produtos contaminantes que poden vir dun sinistro nas rías ou augas próximas á Illa?


Hai un protocolo ou fáixelle un seguimento aos moitos barcos de alto porte que buscan refuxio e fondean a carón das illas Cíes e Ons nos días de temporais?

Podería seguir enumerando preguntas pero, servirán de algo? Só hai que ler sobre o choque de dous buques en Alxeciras neste pasado mes de agosto e comprobaremos os problemas de falla de protocolo, previsión e busca de solucións que houbo.



### ONS NA MEMORIA

Esta foto, realizada no ano 1956, fíxonola chegar *Jose Juan Suárez Torres* que naceu en Portonovo no ano 1945. Dende moi novo, comezou nos avatares da pesca, motivo polo que, nese momento, atopábase na Illa de Ons, ao lado da única árbore que existía á entrada da Illa saíndo do peirao. Foi policía local de Sanxenxo ata a súa xubilación.



### OUTRA VIAXE A ITALIA

Non só os aunienses que foron ao Vaticano a visitar ao Papa achegáronse ata Roma este outubro, outros tamén optaron por esa cidade para pasar uns días de vacacións e aí temos ao noso pescador de cabeceira, Alvarito coa súa muller María e a Moital coa súa dona Rosi. Seica Alvarito, na Fontana di Trevi, como é costume, foi lanzar unha moeda e pedir un desexo. Pasando do mito de volver a Roma ou atopar o amor, que xa o ten, optou por un desexo dobre: *<Pescar o robalo máis grande xamais pescado nas Rías Baixas e que o Papa siga facéndolle o encargo de todos os Nadais>*.

Ao chegar, meteu a man no peto e sacou as moedas que levaba. Despois de rebuscar un rato, colleu unha, e de costas, enviouna ao fondo da fonte.

O mergullador recolledor e recadador do Vaticano, que é de Cangas e coñecía a Alvarito, veu caer a moeda e ao comprobar que era de 1 céntimo, saú a flote e despois de chamarlle *agharrado!!!*, espetoulle: *“Así has pescar, carallo!!! Vas ver, con este capital, o Papa Francisco vaite encarghar sentolas e persebes para o Nadal!!! Deixa que xa!!!*



### ONS ARQUEOLÓXICA

#### Previsión (escrito 7/11/2022)

A día 3 de novembro de 2022, dende Parques comunícanme que seguían os arqueólogos en Ons, o que non aportan é datos das novidades que van xurdindo, nin na prensa nin na súa páxina web. Unha pena a falla de información puntual dende o Parque sobre este asunto tan interesante e importante para a historia da Illa de Ons.

Noutro punto, dicir que un problema grave é a situación na que se atopa o cantil de Canexol que, a carón de agochar os restos da salga romana, sostén o camiño que dende Curro chega a Pereiró.

Este pasado inverno foi bastante tranquilo, no que se refire a temporais marítimos, pero non cabe dúbida que non vai ser así todos os anos e, en calquera intre, unha marusía pode minar este cantil de terra e provocar un grave derrube que esnaquice, non só o xacemento romano, senón o camiño e ata pode ser que algunha das casas ou edificacións anexas da zona limítrofe entre Canexol e Pereiró.

Aproveitando que están aí os arqueólogos e poñéndose en contacto con técnicos de Patrimonio e Cultura, deberían buscar unha solución a este asunto antes de que pase algo que ninguén desexa.



### PROBLEMÁTICA URBANÍSTICA EN ONS (III)

Entramos nos anos 90 s.XX. Os veciños están xa cansos de aguantar o **NON** da administración. Xurde unha nova Directiva na Asociación veciñal. Comeza unha loita reivindicativa polos dereitos veciñais, entre os que está o poder rehabilitar e reconstruír as súas casas aunienses, estean con tellado ou sen el.

Comeza un conflito de competencias entre o concello e a Delegación de Agricultura en Pontevedra. O concello dá permisos para que se arranxen as casas, Agricultura sen embargo segue na súa teima de, a uns si a outros non. Os veciños co permiso do concello comezan a obrar e paralelamente crecen as denuncias de Agricultura.

Mentres tanto, a administración, de novo, fixera das súas e sen permiso do concello nin dos donos das vivendas, arranxa, reconstrúe e une dúas vivendas que estaban totalmente en ruínas na zona de Melide. Para a administración hai Patente de Corso, eles si poden obrar estean como estean as casas, sen embargo os veciños non teñen dereito a arranxar os seus fogares que os seus antepasados construíran. A Delegación si, ilegalmente, pode apropiarse e ocupar unhas ruínas, segundo parece, para uso dun futuro Campamento.

As denuncias non van arriba e xurde un caos urbanístico tremendo, con moitos favoritismos cara a uns veciños e acusacións a outros.

### 2016. Tramo 5, concretamente no punto 5.5 *Reconstrución de casas e casetas. Punto c*

c.- Facilitar o arranxo de todas as edificacións anexas.

Se o das casas pode resultar algo problemático (eu non o miro así), o das edificacións anexas, non ten perdón. Por que non deixalas arranxar? Por que esa manía, segundo contan os veciños, que dende Parques lle sigan dicindo que: *Se non teñen tellado non se poden arranxar.*

Eu non entendo nada, a administración en vez de buscar, co diálogo e boa disposición, solucións, só busca conflitos e, o que é peor, que se estean a perder partes importantes da nosa cultura, como é a arquitectura popular.

Só hai que dar un paseo por Ons, pola zona habitada, e comprobaremos cantas desas edificacións están sen arranxar e a piques de perderse. Que problema ten que un alboio ou os antigos alpendres, pendellos, cortellos,...., sexan arranxados e empregados segundo a necesidade de cada familia.

Tamén, moitos deles, aínda que en bo estado, están feitos de ladrillos ou bloques, por que non permitir e facilitar o seu recubrimento en pedra?

Coidamos que todas as casas de Ons que obran no Catálogo de Edificacións, deberían estar en pé e arranxadas e que as edificacións anexas poden rehabilitarse buscándolle outra utilidade á que tiñan antano, iso si, sen cambiar para nada a súa estrutura e fachada vista.

Mención aparte é o tema dos Piornos, un dos emblemas máis importante da etnografía illán e galega e, dende a administración, non se fai nada para facilitar a súa recuperación e o seu arranxo.

Nós non lle queremos chamar incompetencia, pero dende logo hai unha desidia total cara a todo aquilo que requira un pouco de traballo a prol de mellorar as illas pertencentes ao Parque, en especial, Ons, a única habitada do Parque.

Como estaban as casas de Melide nos 80 s.XX



Como quedaron despois de apropiarse delas a administración. Hai uns anos que foron devoltas aos seus lexítimos donos.



### PROBLEMÁTICA URBANÍSTICA EN ONS (IV)

A problemática trae un desorde urbanístico pola teimosía da administración, que puido partir de cero e poñer unhas normas construtivas que non botara abaixo a magnífica Arquitectura Mariñeira auniense. Pero os conta cadeiras de oficina e os políticos non entenden de DIÁLOGO. Por que hoxe aínda seguen con esa mesma teima? Por que hai diferenzas entre veciños á hora de realizar obras? Por que non deixar arranxar as edificacións anexas? Todas estas malas actuacións, só traen problemas aos gobernantes que non son quen de controlar a aqueles que non fan ben as cousas e poden caer na prevaricación e o amiguismo, que tantos problemas xurídicos trouxo e trae aos políticos.

## PROMESAS DO PRESIDENTE DA XUNTA 20 ANIVERSARIO DO PARQUE NACIONAL

O día 4 de xullo o Presidente da Xunta, a Conselleira de M. Ambiente, a D. Xeral de Patrimonio Natural e o Alcalde de Bueu, xunto con outras persoas, achegáronse a Ons para celebrar o vixésimo aniversario do Parque Nacional.

O Sr. Rueda aproveitou, xunto coa Conselleira, para facer un bo número de promesas de inversión na Illa. Imos velas:

-Reformar e actualizar a rede de abastecemento de auga potable e o sistema de depuración de augas residuais.

Ía comezar en setembro, pero non temos noticias de que esta PROMESA se estea levando a cabo. Estes arranxos xa os prometera a D. Xeral de Patrimonio Natural para realizar este pasado outono-inverno 2021/22, pero nada se fixo.

-Comprometeuse a levar a cabo traballos de conservación e mellora de biodiversidade, recuperación da vexetación autóctona, eficiencia enerxética e renovación de infraestruturas.

Máis de 10 anos de cortas de arborado e ningunha plantación feita. Todos os anos realizan traballos de eliminación de especies alóctonas, que volven a xurdir ao ano seguinte. Hai 12 anos que prometeron a chegada de luz eléctrica a Ons, ata fixeron espazo no peirao para os cables, aínda nada. As infraestruturas que si arranxan son as súas propias do Parque.

-Reiniciar os traballos arqueolóxicos no Castro dos Mouros.

Ata o de agora a única promesa que cumpriron, pois a partires de outubro comezaron de novo a escavar no Castro. Estamos a espera de que dean novas dos resultados sobre estas e anteriores escavacións.



No peirao, antes de ir ver a depuradora.

O arqueólogo explica ao Presidente como van as escavacións do Castro dos Mouros.



Segue a corta indiscriminada de árbores en Ons. Que farán coa madeira? Habará algún técnico especialista controlando as cortas? Agora tocoulle a quenda á zona de Pereiró, onde está o punto limpo e o antigo queimadoiro.



## SEGUEN AS PROMESAS

-En Ons vaise a reformar e actualizar todo o sistema de depuración de augas residuais e a rede de abastecemento de auga potable, obras que ían comezar en setembro cun presuposto de 800.000 €

Aínda estamos á espera da realización desas obras, pois non temos coñecemento de que comezaran. Que empresa o vai realizar e con que asesoramento técnico contan.

-Tamén dixo que Ons era un dos Bens de Interese Cultural beneficiado polos Fondos Next Generation, dentro dos Plans de Sustentabilidade Turística de Destino, contando cunha inversión de 1'4 millóns de euros para a mellora das infraestruturas básicas e da súa accesibilidade, a reordenación do mobiliario público e a disposición señalética.

Esperaremos ver que significa todo isto, que clase de inversións van facer, a quen vai a beneficiar e cando as van levar a cabo. Polo de pronto, dende o Parque dixeron que están a esperar a chegada deses cartos Next Generation para levar a cabo a subvencións anuais para as zonas do radio de acción, que antes saían da Consellería por medio da Rede de Parques. Que pasa logo, que a Consellería vai gardar eses cartos e utilizar os que ían destinados a outro cometido?



## CURIOSA ANÉCDOTA

Xa o lera no magnífico Blog de Arturo Sánchez Cidrás: <https://acidras.blogspot.com/2018/10/o-poema-da-igreja-nova-de-ons.html>, hai un tempo pero esquecínme del. Agora, un amigo viuno en Facebook e mandoume de novo, pois saíu publicado na páxina de: **Illa De Ons - A Illa E Nosa** cun comentario de Emilio Blanco onde, este compañeiro, e eu compártoo, comentaba a posibilidade de que o autor do poema se dera a coñecer, así como a historia completa de como chegou a poñerse no tímpano da igrexa sen que el o soubese.

## Historia do poema da igrexa nova de Ons

Dende hai moitos anos o segredo da igrexa nova da illa de Ons non é segredo, cando menos para un reducido grupo de persoas. Parte do mesmo apareceu publicado nunha páxina de Facebook pero non tivo a repercusión que penso que debería ter.

Unha visita ás illas fai poucos días rachou o silencio que ao longo dos anos impuña a ‘modestia’ do protagonista deste segredo e da igrexa nova: A autoría do poema que pode lerse no fronte da capela.

Sen mencionar o nome do autor, voules comentar algunha cousa arredor do poema e de como este chegou alí.

A mediados dos anos sesenta do século pasado, cando a igrexa e o poboado de Curro en Ons eran algo máis que proxecto do Instituto de Colonización, propuxéronlle ao profesorado de Bueu que fixeran un especie de concurso de poesía sobre a illa de Ons. Os rapaces, sen saber a finalidade do mesmo, levaron o labor coma tarefa para casa sendo a entrega do mesma voluntaria. O noso protagonista escribiu un pequeno poema pero logo decidiu non entregalo pois, por ser moi esixente consigo mesmo, non lle parecía de calidade. Mais a casualidade fixo que llo ensinara a un amigo a quen lle gustou tanto que o estivo animando durante un tempo para que o entregara, como así o fixo ao mestre Manuel Omil. Nos días seguintes á entrega os rapaces estaban á espera dalgún tipo de recoñecemento ou premio pero pasou o tempo e nunca máis se volveu falar dos poemas e pronto todos esquecéronse dos mesmos.

Bastantes anos despois, e co motivo dunha visita de lecer á illa de Ons, o noso protagonista quedou pasmado ante algo que fixera na súa adolescencia e que estaba impreso en cerámica e, para maior ‘vergoña’, exposto ás miradas de todos. Unha mestura de sensacións encontradas o perseguiu durante moito tempo. Era o mesmo poema cunha soa palabra cambiada: onde el escribira ‘isliña’ agora era ‘illiña’. Decidiu non contarllo a ninguén que non foran da súa familia ou amigos moi achegados. Foi un segredo que ao longo dos anos todos gardamos por expreso desexo do autor. Aínda que pareza paradoxo eu sigo a respectar os desexos do amigo pero tamén creo que é relevante que se saiba quen escribiu algo que miles de persoas leron dende hai algo máis de cincuenta anos.

Publicado o 18/10/2018



O autor ante a obra.



### SANTO

*San Xaquinciño da Illa  
dainos un ventiño en popa  
pra chegar o a noso porto  
que temos a vela rota.*

*Esta illiña gallega  
defensa da nosa Ría  
e devota a San Xaquín  
o pai da Virxen María.*

## DIARIO DE PONTEVEDRA, 4 DE XULLO DE 2022

### O MORRAZO

#### Seis millones para Illas Atlánticas en su vigésimo cumpleaños

En el caso de la isla de Ons, además, se va a reformar y actualizar todo el sistema de depuración de aguas residuales y la red de abastecimiento de agua potable, obras que, segundo avanzó Rueda, van a comenzar el próximo mes de septiembre con un presupuesto de **800.000 euros**

Ons, además, es uno de los Bens de Interese Cultural beneficiados por los **fondos Next Generation** dentro de los Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD), con una inversión de **1,4 millones** de euros para la mejora de las infraestructuras básicas y de su accesibilidad, la reordenación del mobiliario público y la disposición de señalética.

## FARO DE VIGO, MORRAZO, 4 DE XULLO DE 2022

La Xunta celebra en Ons los 20 años del Parque Nacional Illas Atlánticas

Alfonso Rueda anuncia una inversión de **6 millones** en el espacio protegido, de los que **2,2** serán en la isla de Bueu

## VOZ DE GALICIA, 30 DE AGOSTO DE 2022

### Un proyecto de la USC busca recuperar el paisaje natural de Cíes, Ons y Sálvora de hace 50 años

Con un presupuesto de algo más de **5,2 millones** a ejecutar de aquí al 2026, a la Xunta le corresponden **750.000 euros** y a la USC **1,08 millones** como beneficiario coordinador.

## FARO DE VIGO, 29 DE OUTUBRO 2022

### La Universidad Vigo lidera el primer proyecto sobre patrimonio en la red de parques nacionales

La resolución del Ministerio para la Transición Ecológica, que todavía es provisional a falta de que se resuelvan posibles alegaciones, establece una ayuda de **60.000 euros** para la parte del proyecto que desarrollará la UVigo y otros **52.000 euros** que permitirán a los expertos del Instituto Universitario de Geología Isidro Parga Pondal de A Coruña llevar a cabo su contribución.

<http://xornaldevigo.gal/medio-ambiente-e-patrimonio/94698-comeza-a-loita-poila-restauracion-de-habitats-das-cies-ons-e-salvora-dentro-proxecto-life-insular/>

Comeza a loita poila restauración de hábitats das Cíes, Ons e Sálvora dentro proxecto 'Life Insular'

A Xunta de Galicia licitou por case **85.000 euros** o servizo para a eliminación de especies exóticas invasoras no Parque Nacional marítimo-terrestre das illas atlánticas de Galicia –Cíes, Ons e Sálvora



## OS NÚMEROS CADRAN BEN?

Vaites coa composición e mestura de cantidades. A estas tamén haberá que sumar o Presuposto anual da Consellería de Medio Ambiente para o Parque Nacional. E os cartos que veñen da Rede de Parques para as subvencións anuais aos Proxectos do radio de acción. E ata non sei se aínda tamén os programas Feder que atopamos en todos os carteis que o Parque pon pola Illa cando se realiza algunha acción puntual. ...

Coido que deberían informar ben sobre a cantidade de cartos que hai para o Parque en Xeral e, neste caso, para Ons en particular.

Despois habería que presentar ante os veciños e persoas interesadas, xa que, quen vai a administrar eses cartos é un organismo público e os contribuíntes temos dereito a saber como e en que se invisten eses cartos, o programa de actuación anual, empresas que executarán as obras,..., e, ao final do ano, as contas perfectamente explicadas.

A iso chámase **TRANSPARENCIA**, que na Consellería de M. ambiente brilla pola súa ausencia.